



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **23 de xuño de 2021** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

IV.- Expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado "Da Costa", a favor dos veciños da Costa, no Concello do Irixo. Non compareceu ningún representante dos veciños, a pesares de que foron citados.

O Xurado acordou a clasificación do monte, unha vez publicado polo Concello o edicto do inicio da clasificación como monte veciñal en man común polo período dun mes sen que se presentasen alegacións, publicado tamén o edito no DOG e recibida a certificación do Rexistro da Propiedade.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EDICTO do 7 de setembro de 2021, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Da Costa, a favor dos veciños e veciñas da Costa, na parroquia de Cusanca (San Cosmede), no concello do Irixo (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 23 de xuño de 2021, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Da Costa, a favor dos/das veciños/as da Costa, na parroquia de Cusanca (San Cosmede), no concello do Irixo (Ourense), resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 5 de marzo de 2018 tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural un escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Dolores Dacosta Fernández, no cal solicitaba a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas Da Costa, a favor dos/das veciños/as da Costa, na parroquia de Cusanca (San Cosmede), no concello do Irixo (Ourense).

Segundo. Con data do 4 de febreiro de 2020, o Xurado Provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e realizando as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e abrindo un período de un mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.



Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Nome do monte: Da Costa.

Superficie: 28,09 ha, segundo IVG con CSV: QCNA4QXCHMJFWZGH.

Pertenza: veciños/as da Costa.

Parroquia: Cusanca (San Cosmede).

Concello: O Irixo.

Descrición das parcelas que constitúen o monte:

Considérase que os terreos obxecto da solicitude constitúen sete coutos redondos, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, xa que nun dos predios a continuidade da superficie unicamente se ve afectada por un camiño.

A descrición dos terreos en clasificación, segundo IVG con CSV: QCNA4QXCHMJFWZGH, é a seguinte:

Predio nº 1: Laceira de Arriba (parcela resultante denominada PARCELA_0005).

Superficie: 55.723 m².

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Estrema	Referencia catastral
32036A00700236 (unha parte da parcela)	Norte	32036A00700387 32036A00700244 32036A00700245 32036A00700249 32036A00700250 32036A00700253 32036A00700388 32036A00700264 32036A00700265 32036A00700266 32036A00700267 32036A00700254 32036A00700258 32036A00700259 32036A00700260 32036A00700261 32036A00700262 32036A00700263 32036A00702107



Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Estrema	Referencia catastral
	Leste	32036A00709008
	Sur	PARCELA_0006 (parte da 32036A00700236)
	Oeste	32036A00709039 PARCELA_0006 (parte da 32036A00700236)

Predio nº 2: Ladeira de Abaixo (parcela resultante denominada PARCELA_0004).

Superficie: 9.144 m².

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Estrema	Referencia catastral
32036A00700236 (unha parte da parcela)	Norte e oeste	PARCELA_0006 (parte da 32036A00700236)
	Leste	32036A00709018
	Sur	32036A00701095

Predio nº 3: Coto do Medio (parcela resultante denominada PARCELA_0017).

Superficie: 105.935 m².

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Estrema	Referencia catastral
32036A00800001 (unha parte da parcela)	Norte e oeste	PARCELA_0001 (parte da 32036A00800001)
	Leste	32036A00809007 32036A00800101 32036A00800114 32036A00800117 32036A00800119 32036A00800120 32036A00800123 32036A00800124 32036A00800127 32036A00800128 32036A00800140 32036A00800142 32036A00800146 32036A00800147 32036A00800151 32036A00800152 32036A00800104 32036A00800105 32036A00800106 32036A00800109 32036A00800110 32036A00800113 32036A00800131 32036A00800132 32036A00800135 32036A00800136 32036A00800139



Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Estrema	Referencia catastral
	Sur	PARCELA_0001 (parte da 32036A00800001) 32036A00800775 32036A00800777

Predio nº 4: Fonte Lousiña (parcela resultante denominada PARCELA_0015).

Superficie: 55.531 m².

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Estrema	Referencia catastral
32036A00800266 (unha parte da parcela)	Norte	32036A00800222 32036A00800223 32036A00800224 32036A00800225 32036A00800226 32036A00800232 32036A00800231 32036A00800235 32036A00800236 32036A00800194 32036A00800195 32036A00800196 32036A00800197 32036A00800198 32036A00800199 32036A00800201 32036A00800202 32036A00800203 32036A00800204 32036A00800205 32036A00800206 32036A00800207 32036A00800208 32036A00800209 32036A00800210 32036A00800211 32036A00800212 32036A00800213 32036A00800214 32036A00800215 32036A00800216 32036A00800217 32036A00800219 32036A00800220 32036A00800221
	Leste	PARCELA_0016 (parte da 32036A00800266) 32036A00800769 32036A00800770 32036A00800771
	Sur	PARCELA_0014 (parte da 32036A00800266)



Predio nº 5: Os Penedos da Costa (parcela resultante denominada PARCELA_0002).

Superficie: 23.105 m².

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Estrema	Referencia catastral
32036A00800266 (unha parte da parcela)	Norte e leste	PARCELA_0014 (parte da 32036A00800266)
	Sur	32036A00800755 32036A00800756 32036A00800758 32036A00800759 32036A00800763 32036A00800764 32036A00800765 32036A00800766 32036A00800767 32036A00800768
	Oeste	32036A00809008 32036A00800183 32036A00800184 32036A00800185

Predio nº 6: Carballo do Río (parcela resultante denominada PARCELA_0009).

Superficie: 8.906 m².

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Estrema	Referencia catastral
32036A00801669	Norte	32036A00801706 32036A00801682
	Leste	32036A00801707 32036A00801722 32036A00801730 32036A00801731 32036A00809017 32036A00809004
	Sur	32036A00801668
	Oeste	32036A00801667 32036A00801670 32036A00801671 32036A00801672 32036A00801673 32036A00801807



Predio nº 7: As Coireiras da Costa (parcelas resultantes denominadas PARCELA_0010 e PARCELA_0012).

Superficie: 22.519 m².

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Estrema	Referencia catastral
32036A00801801 (unha parte da parcela) 32036A00900528 (unha parte da parcela)	Norte	32036A00801750 32036A00801751 32036A00801752 32036A00801753 32036A00801754 32036A00801755 32036A00801759 32036A00801760 32036A00801761 32036A00801762 32036A00801749 32036A00801764 32036A00801765 32036A00801769 32036A00801763 32036A00809004
	Leste	PARCELA_0013 (parte da 32036A00801801) PARCELA_0018 (parte da 32036A00900528)
	Sur	32036A00900530 32036A00900531 32036A00900532 32036A00900533 32036A00900537 32036A00900538 32036A00900543 32036A00900544 32036A00900545 32036A00900546 32036A00900547 32036A00900548 32036A00901095 32036A00901100 32036A00901101
	Oeste	PARCELA_0018 (parte da 32036A00900528) 32036A00900549

Este predio está atravesado polo camiño coa referencia catastral 32036A00809004.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal



carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o Xurado Provincial, por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado Da Costa, a favor dos/das veciños/as da Costa, na parroquia de Cusanca (San Cosmede), no concello do Irixe (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencio-



so-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.


Ourense, 7 de setembro de 2021

Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes
Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: qsj0oza7-e6c9-stz4-13g0-9bw9krmr8cy96



573250 573500 573750 574000 574250 574500 574750 575000



Provincia de Pontevedra
Concello de Dozón

COTO DO MEDIO

FONTE LOUSIÑA

OS PENEDOS DA COSTA

LACEIRA DE ARRIBA

LACEIRA DE ABAIXO

CARBALLO DO RÍO

AS COIREIRAS DA COSTA

AS COIREIRAS DA COSTA

SOLICITUDE DE CLASIFICACIÓN COMO MVMC DO MONTE "DA COSTA" A FAVOR DOS/AS VECIÑOS/AS DA COSTA, NO CONCELLO DO ÍRIXO

ESCALA 1:5500
 OUTUBRO DE 2019
 SISTEMA DE REFERENCIA ETRS89
 COORDENADAS UTM FUSO 29

BASE CARTOGRAFICA: P.N.A. 2017 E CARTOGRAFIA VECTORIAL DA "DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO" ACTUALIZADA A XANEIRO DE 2019

++ LÍMITE PROVINCIAL
 TERREOS INCLUIDOS NA SOLICITUDE
 PARCELAS CATASTRAIS DO ÍRIXO